



Guía Docente

Datos Identificativos				2023/24	
Asignatura (*)	O Proxecto de Investigación en Xerontoloxía	Código	653540017		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	CastelánInglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas				
Coordinación	Maseda Rodríguez, Ana Belén	Correo electrónico	ana.maseda@udc.es		
Profesorado	Maseda Rodríguez, Ana Belén	Correo electrónico	ana.maseda@udc.es		
Web	estudos.udc.es/es/subject/4540V01/4540017				
Descrición xeral	Esta materia abordará a metodoloxía necesaria para desenvolver proxectos de I+D+i para a procura de financiamento público e/ou privado a nivel rexional, estatal ou internacional para a realización de investigación. Farase fincapé nos termos a coñecer para a petición de axudas.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
- Coñecemento e capacidade para deseñar proxectos de investigación	AM1	BM1 BM3 BM4	CM1 CM2 CM3
- Coñecemento das diferentes institucións avaliadoras e fontes de financiamento a fin de conseguir recursos para a investigación	AM1	BM1 BM3 BM4	CM1 CM2 CM3
- Capacidade de aplicar os coñecementos adquiridos á práctica	AM1	BM1 BM3 BM4	CM1 CM2 CM3
- Desenvolver habilidades de aprendizaxe para emprender estudos e investigacións na área da xerontoloxía, con capacidade para deseñar e estruturar un proxecto de investigación	AM1	BM1 BM3 BM4	CM1 CM2 CM3
- Capacidade para defender oralmente o orzamento e contido dun proxecto de investigación.	AM1	BM1 BM3 BM4	CM1 CM2 CM3

Contidos

Temas	Subtemas
Tema 1. I+D+i. Marco conceptual	1.1. Proxectos 1.2. Financiamento e institucións avaliadoras 1.3. Definición de termos básicos
Tema 2. Identificación do problema e/ou necesidade nun proxecto de I+D+i.	2.1 Título do proxecto 2.2 Formulación do problema 2.3 Xustificación da investigación 2.4 Obxectivos da investigación



Tema 3. Marco de referencia e estado da arte	3.1 Estado da arte. Antecedentes do problema 3.2 Elaboración de hipóteses 3.3 Identificación de variables
Tema 4. Metodoloxía. Aspectos metodolóxicos	4.1. Aspectos metodolóxicos
Tema 5. Redacción de tarefas. Cronograma	5.1. Redacción de tarefas 5.2. Cronograma
Tema 6. Recursos materiais e humanos	6.1. Recursos materiais 6.2. Recursos humanos
Tema 7. Elaboración do orzamento	7.1. Orzamentos
Tema 8. Transferencia do coñecemento. Divulgación. Ética	1.1. O proceso de transferencia de coñecemento 1.2. OTRI 1.3. Spin off

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	A8 B1 B3 B4 C1 C2 C3	3	12	15
Traballos tutelados	A8 B3 B4 C1 C2 C3	0	42	42
Sesión maxistral	A8 B1 B3 B4 C1 C2 C3	16	0	16
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensinanza-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordeado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe de "cómo facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade polo súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensinanza baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso casi exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Presentación oral	Axuda na solución de problemas formulados polas distintas actividades, aclaración da comprensión da temática da materia...
Sesión maxistral	ALUMNADO CON RECOÑECEMENTO DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA DE EXENCIÓN
Traballos tutelados	DE ASISTENCIA, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC? (Art.3.b e 4.5) e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (Art. 3 e 8b), o alumnado poderá solicitar sempre que o precise tutorías co profesorado da materia, facilitando o modo presencial ou virtual segundo a dispoñibilidade do/a alumno/a.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A8 B1 B3 B4 C1 C2 C3	Valorarase a organización e información, pronunciación e entonación, vocabulario, dominio do tema e claridade de ideas durante a presentación da temática proposta. Defenderase un proxecto de investigación en grupo.	45
Sesión maxistral	A8 B1 B3 B4 C1 C2 C3	O alumno deberá asistir ás clases maxistrais.	5
Traballos tutelados	A8 B3 B4 C1 C2 C3	O alumno deberá facer un proxecto de investigación que será avaliado polo profesor.	50

Observacións avaliación
<p>ALUMNADO CON RECOÑECEMENTO DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA DE EXENCIÓN DE ASISTENCIA, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC? (Art.3.b e 4.5) e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (Art. 3 e 8b), a cualificación referida á asistencia á aula será substituída pola realización dun traballo práctico vinculado a dita formación. Ademais, en tutorías personalizadas explicaráselles o traballo realizado na aula para que podan realizalo adecuadamente no seu domicilio.</p> <p>IMPORTANTE:</p> <p>- A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a perda do dereito á oportunidade na que se cometa a falta e respecto da materia na que se tivese cometido. Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.</p> <p>Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Booth, W.C., Coloma, G.G.; Williams, J.M. (2001). <i>Cómo convertirse en un hábil investigador</i>. Barcelona: Ed. Gedisa- Burgos Rodríguez, R. (1998). <i>Metodología de investigación y escritura científica en clínica</i>. Granada: Escuela Andaluza de Salud Pública- García Roldán, J.L. (1995). <i>Cómo elaborar un proyecto de investigación</i>. Alicante: Universidad de Alicante
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Metodoloxía da Investigación en Xerontoloxía/653540006

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Manexo de Bases de datos.Coñecemento do idioma Inglés para poder ler textos científicos para a realización do estado da arte.Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir co obxectivo estratéxico 2 do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:a) Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informáticob) De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.

-
Evitarase a realización de borradores

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías